

# Unha historia que nos pertence

Cando Manuel Rodríguez Alonso cualificou a obra de Carlos Callón (Ribeira, 1978, autor de diversos estudos literarios, pero máis coñecido como presidente da Mesa pola Normalización Lingüística e activo militante a prol desta causa) sobre a figura homenaxeada este ano no Día das Letras Galegas como a máis académica, acertou de pleno, pois éo efectivamente, ao analizar en profundidade todos os factores a ter en conta para comprender na súa xusta medida a obra galega do poeta de Monterroso: a xestación da súa mundivivencia, o enclave do Sistema Literario Galego en Bos Aires na posguerra, a análise dos *Catro poemas*, diversas pescudas sobre a súa obra posterior, a súa integración na Arxentina e o novo exilio, así como unhas sínteses conclusivas de afortunada certeza. E todo isto porque, como explica en "Tema e obxectivos", o seu interese por Lorenzo Varela, auténtico e case apaixonado, xurdiu no 2001 e desde aquela non cesou no estudo e interpretación da vida e obra do poeta.



E coincidimos co crítico anteriormente citado en evidenciar

---

## *Lorenzo Varela, poeta en lingua galega*

---

 Xosé Feixó

o lonxe que está o cualificativo de "académico" do sentido de "aborrecido ou falta de compromiso", porque nada máis lonxe da verdade. O compromiso está ben presente ao longo de todo o libro, así como a amenidade e facilidade con que se le -interrompida polas múltiples notas que se recollen ao final, xunto a unha ampla bibliografía-, ao ser a finalidade do autor darlle un carácter eminentemente divulgativo.

A pesar da escasa obra en galego, Lorenzo Varela ten moitos motivos para que se lle adica-se este ano o Día das Letras Galegas, case todos recollidos nas sínteses conclusivas de Callón: usa o galego cando a maioría dos

escritores de posguerra deixan de facelo, é un dos pioneiros da literatura social-realista no Sistema Literario Galego, reivindica a memoria das mulleres, contempla a homosexualidade desde unha perspectiva non heretosexista, etc.

Doutra banda, a análise da recepción da poesía de Varela neste lado do Atlántico e os atrancos cos que se atopou, son tamén dignos de ser lidos, así como a Coda ou circunstancias de cómo a RAG decidiu a súa homenaxe.

Estamos, en definitiva, ante un valioso e acertado traballo, máis que "divulgativo", para comprender a figura deste noso escritor, agora por fin recoñecido.

---

CALLÓN TORRES, C.M.,  
*Unha historia que nos pertence. A poesía en galego de Lorenzo Varela*, Ed. A Nosa Terra, Vigo, 2005, 155 páxinas